



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 05 DE XUÑO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00025099X.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 15 de maio de 2023.
- Extraordinaria-urxente de data 15 de maio de 2023.
- Ordinaria de data 22 de maio de 2023.
- Extraordinaria-urxente de data 24 de maio de 2023

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00004136R.

Licenza proxecto básico construción vivenda unifamiliar en LG Garabal, 54C.

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico presentado o 24/01/2023 e a documentación presentada o 21/01/2023, cun orzamento de execución material de 58,000.00€. O proxecto básico refírese á construción dunha vivenda unifamiliar situado no lugar Garabal 54C Santiago de Compostela (A Coruña)

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00003778B.

Licenza para a rehabilitación de vivenda unifamiliar sita na rúa da Carballa, 26.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 14/12/2022 e a documentación complementaria de data de visado do 27/02/2023, cun orzamento de execución material de 100.000,00 €, a rehabilitación de vivenda unifamiliar sita na rúa da Carballa, 26A edificio sito na Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00006824K.

Aceptar cesión de viario e licenza para a construción de vivenda unifamiliar na rúa Carballo, 23.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 06/02/2023 outorgada ante notario co número de protocolo 156. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.-Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 10/05/2023, a construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Carballo, 23 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00006843V.

Licenza para a demolición de tres vivendas unifamiliares en Monte de Conxo, 22-26-28.

Acórdase conceder á ESTUDIO 5 DE GESTIÓN Y PROYECTOS, S.A., licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 14/04/2023, cun orzamento de execución material de 14.578,44€ €, a demolición de tres edificios sitos na rúa Monte de Conxo 22-26-28 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00014178Z.

Instalación de piscina nunha vivenda unifamiliar na rúa Xunlla, 63.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de execución de data de visado do 12/04/2023, cun orzamento de execución material de 17.300,00 €, a instalación dunha piscina nunha vivenda unifamiliar sita na rúa Xunlla, 63 Santiago de Compostela (A Coruña).

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00017119S.

Licenza reforma cuberta na rúa Cruz Gallastegui, 3.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do do 14/04/2023, cun orzamento de execución material de 8.500,00 €, a reforma de cuberta do inmovible sito na rúa Cruz de Gallastegui,3 Santiago de Compostela (A Coruña)

8. PATRIMONIO. Referencia: 2023/00013936W.

Inadmisión de recurso presentado.

Acórdase inadmitir o recurso de reposición ou petición de complemento do acordo adoptado pola XGL 24/03/23 solicitado por AFC NORTE SLU

9. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.

Referencia: Validación omisión función interventora S/2023/132.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (11) emitidas por varias empresas en concepto de servizos de mantemento do sistema de extintores e alarmas en distintas dependencias municipais correspondentes ao período de xaneiro a abril do ano 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATORCE MIL SEISCENTOS CINCUENTA EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (14.650,66 €), segundo relación contable de facturas S/2023/132 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/1742 por importe de 245,63 euros, emitida pola empresa Comercial Extintores Galicia, S.L., e remata pola factura número F/2023/2114 por importe de 392,08 euros emitida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDAD A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

10. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.

Referencia: Validación omisión función interventora S/2023/134.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (14) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes ao período de decembro de 2022 a abril de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATORCE MIL OITOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (14.897,32 €), segundo relación contable de facturas S/2023/134 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/1039 por un importe de 1.110,00 euros emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L e remata pola factura número F/2023/2181 por un importe de 408,58 euros emitida pola empresa Naturgy Iberia, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.
Referencia: Omisión S/2023/135.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da relación de facturas S/2023/135 de (51) facturas expedidas por varias empresas por importe de 7.596,19 euros, e que comeza pola número F/2023/1456 por importe de 85,27 euros emitida por Ricoh España SLU e finaliza pola número F/2023/2204 por importe de 238,61 euros, emitida por VSM Sistemas Coruña SA (A15717909) en concepto de cincuenta e unha (51) facturas por servizos de copadoras en diversas instalación municipais correspondentes ao período entre xaneiro e abril de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SETE MIL CINCOCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (7.596,19 €) que comeza pola factura F/2023/1456 por importe de 85,27 euros e remata pola factura F/2023/2204 por importe de 238,61 euros, todas elas en concepto de cincuenta e unha (51) facturas por servizos de copadoras en diversas instalacións municipais correspondente ao período entre xaneiro e abril de 2023

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

12. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.

Referencia: Validación omisión función interventora F/20231889.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura (1) emitida por “Recambios Santiagueses, S.L.” en concepto de subministración de material de recambios para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes ao mes de marzo de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de TRES MIL SEISCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (3.633,96 €), segundo factura F/2023/1889 que se achega no expediente, emitida pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L. en concepto de subministración de material de recambios para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de marzo do ano 2023 .

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00049696R.

Adxudicación do “Servizo de consultoría técnica para a redacción do Plan de Accesibilidade Integral da cidade de Santiago de Compostela” a UTE EPTISA – SUMA.

Acórdase:

- Adxudicarlle, por presentar a oferta coa mellor relación calidade-prezo, o contrato que ten por obxecto o Servizo de consultoría técnica para a redacción do Plan de Accesibilidade Integral da cidade de Santiago de Compostela a UTE EPTISA – SUMA. A UTE presenta unha oferta económica de **84.700,00 €** (base impositiva de 70.000,00 euros máis IVE por importe de 14.700,00 €)

Desígnase como responsable do contrato á Técnica de Turismo do Concello, de acordo coa cláusula 19 do PCAP.

- Comprometer un gasto por importe de 84.700,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 43200 6400000 (2020 PSTUR 61 1).

Consonte o previsto na Resolución de 4 de decembro de 2020, da Secretaria de Estado de Turismo, pola que se publica o Convenio coa Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Santiago, para a execución do Plan de Sostibilidade Turística na cidade de Santiago de Compostela, a

financiación deste contrato realizarase conxuntamente polas partes asinantes do Convenio, asumindo un tercio da financiación cada unha das partes asinantes.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00018297Q.

Declarar deserto o contrato baseado no acordo marco da FEMP para a subscrición da póliza de seguros da frota de vehículos do concello 2023-2024.

Acórdase: Primeiro.- Declarar deserto segundo o disposto no artigo 150.3 Da LCSP o contrato baseado no acordo marco suscrito pola Central de Contratación da FEMP concluído con BILBAO SEGUROS CIA ANMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA, para a contratación das pólizas de seguro para a frota de vehículos do Concello de Santiago de Compostela por ter a entidade aseguradora débedas de natureza tributaria con este concello.

Segundo: Dar conta deste acordo ao interesado e a central de contratación da FEMP, así como ao servizo de contabilidade do Concello aos efectos de anular o crédito retido.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00028748X.

Ampliación do prazo de presentación de ofertas no expediente de contratación da “Xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do municipio de Santiago de Compostela” ata o 26/06/2023.

Acórdase ampliar o prazo de presentación de ofertas do expediente de contratación da Xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do municipio de Santiago de Compostela en catorce días naturais ata o 26/06/2023 ás 23:59 hora; e publicar no DOUE e na Plataforma de Contratos do Sector Público este acordo.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00042278Q.

Declaración de caducidade do expediente de resolución do contrato “Execución do proxecto "Ampliación paso superior da Ruta da Prata sobre FF.CC. na CañoteiraOuteiro de Marrozos”.

Declárase a caducidade do expediente de resolución contractual iniciado pola Resolución núm. 2022/12545, do 01/11/2022, da concellería delegada de economía e facenda, persoal, contratación e modernización da Administración Local, ao abeiro dos artigos 21.3 e 25.1 b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por teren transcorridos máis de 3 meses desde que se ditou a resolución de inicio.

17. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00024863G.

Aprobación do orzamento do transporte urbano, ano 2023.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar o orzamento do transporte urbano de viaxeiros para o ano 2023, segundos datos sinalados no informe de TUSSA transcrito neste acordo.

SEGUNDO.- Aprobar, en base a elo, o importe da compensación anual a percibir pola entidade operadora do servizo UTE TRAPSA-ALUSA , segundo o orzamento, é de 5.270.545,01 €.

En base a elo a entidade recibirá como pagos a conta, mensualmente a doceava parte do 90% da compensación anual autorizada o Concello de Santiago lle debería aboar, a TRALUSA, 4.743.490,51 € en once pagos de 395.290,88 € cada un e un pago de 395.290,83 €

18. DEPORTES. Referencia: 2023/00014519X.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Española de Luchas Olímpicas y D.A. para o ano 2023.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS OLIMPICAS Y D.A..

2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 36.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890021, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 9 de marzo de 2023.

3. Aprobar o pago anticipado do 100% da contía da subvención, por un importe de 36.000 €, sempre e cando se cumpra o establecido na cláusula 16ª do convenio

19. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2023/00024862A.

Dar conta da relación de espectáculos da Rede Cultural da Deputación da Coruña para os centros socioculturais do Concello de Santiago-2023.

Tómase coñecemento dos espectáculos solicitados a Deputación da Coruña que forman parte da proposta da programación REDE CULTURAL 2023 para levar a cabo na Rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago

20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00024896Z.

Dación de conta da sentenza recaída no PO 64/2021 RA 4398/2022 TSX.

Dase conta da Sentenza 112/2023, do 6.03.2023, da Sala do Contencioso administrativo do TSX de Galicia (Sección 2ª). Sentenza do 1.09.2022 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Santiago de Compostela. Procedemento: PO 64/2021; RA 4398/2022

Demandante: ESUGANI, S.L.

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural de 9.12.2020, polo que se rexeita o recurso de reposición interposto contra o Decreto de 4.03.2019, no que se declara completa a documentación para a legalización da actividade de café-bar na rúa do Vilar 47, baixo.

Desestimación presunta da solicitude presentada con data 9.08.2019, pola que se insta a incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística respecto dito local.

Desestimación presunta da solicitude presentada con data 2.02.2020, pola que se pide a revisión da licenza de 29.01.2014, ao terse executado obras máis aló do límite da edificación.

Ambas resolucións son favorables ao Concello. A Sala do TSX desestima o recurso de apelación interposto contra a sentenza de instancia, a cal ratifica na súa integridade.

Fronte aos argumentos esgrimidos pola parte demandante o xulgado considerou, por unha banda que as cámaras frigoríficas instaladas no establecemento non requirían certificado de posta en servizo da instalación, ao estar fóra do ámbito de aplicación do RD 138/2011, do 4 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas e as súas instrucións técnicas complementarias; e por outra, que como consta no informe do arquitecto municipal, o uso da parte traseira do local como almacén e aseos atópase consolidado dende o ano 2003, séndolle de aplicación o réxime de fóra de ordenación, ao que o informe pericial aportado de contrario nin sequera se referiu.

As dúas sentenzas conteñen pronunciamento de condena en custas por importe de 700 euros na instancia e 1.000 euros na apelación.

A firmeza da sentenza de apelación foi declarada mediante dilixencia de ordenación do 15.05.2023, polo que non cabe contra ela recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento das resolucións xudiciais.

2. Remitir á Dirección da Área de Urbanismo (Disciplina) para o seu coñecemento e efectos oportunos

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00024856C.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PO 431/2020 ca1 AP 4022/2023.

Dase conta da Sentenza 209/2023, do 5.05.2023, da Sala do Contencioso administrativo do TSX de Galicia (Sección 2ª). Sentenza 357/2022, do 17.10.2022, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. Procedemento: RA 4022/2023; PO 431/2020

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica do 27.08.2020 (expte. DIS/80/2018), polo que se acorda rexeitar o recurso de reposición interposto contra o Decreto do 17.04.2019, polo que se acorda a derruba da obra consistente na instalación de seis bombonas de gas e unha saída de gases ao patio do inmovible situado na Rúa da Angustia 2A de Santiago de Compostela.

A sentenza do TSX desestima o recurso de apelación interposto polo Concello contra a sentenza de instancia. En consecuencia queda confirmada a sentenza de instancia, debendo terse en conta especialmente o criterio interpretativo que esta contén respecto da non aplicabilidade da ordenanza de ruídos na instalación de caldeiras de condensación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento das resolucións xudiciais
2. Non interpoñer recurso de casación
3. Remitir á Dirección de Área de Urbanismo (Disciplina) para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00024955G.

Dación de conta da sentenza recaída no recurso de apelación 4319/2022 TSX.

Dase conta da Sentenza 86/2023, do 23.02.2023, da Sala do Contencioso administrativo do TSX de Galicia (Sección 2ª). Procedemento: RA 4319/2022 (PO 315/2020)

Obxecto: Acordo da XGL do 8.06.2020 polo que se rexeita o recurso de reposición interposto contra o previo acordo do 20.01.2020, relativo á execución do aval de INMOBILIARIA OUTEIRO DO SAR, S.L. para responder das obras de urbanización pendentes de recepción do polígono SUNP-31.1; constituír en depósito a cantidade de 362.538,43 euros como garantía de ditas obras de urbanización; e reintegrar ao avalista BBVA a cantidade de 144.561,43 euros.

A resolución do TSX estima o recurso de apelación interposto pola parte demandante contra a sentenza de instancia, na que o recurso contencioso xa foi estimado parcialmente e que a XGL, con data 27.06.2022, previo informe desta Asesoría Xurídica, acordou non recorrer.

En apertada síntese, a Sala contenciosa, tras un exame exhaustivo dos fitos do expediente administrativo, e poñendo especial énfase no informado pola Tesourería municipal, entende improcedente a execución do aval prestado por INMOBILIARIA OUTEIRO DO SAR, S.L., posto que o dito aval quedou sen efecto ao ser substituído posteriormente, con ocasión da división da urbanización en dúas fases acordada o 31.03.2017, polo aval da Xunta de Compensación.

O razoamento contrario levaría, segundo o criterio do TSX a establecer unha duplicidade de avales sen apoio legal.

A sentenza é firme segundo o manifestado pola dilixencia de ordenación do 22.05.2023, polo que non procede interpoñer recurso ningún, sen prexuízo do cal cómpre sinalar que tampouco concorrería ningún dos supostos de interese casacional.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Dirección de Área de Urbanismo (Sección de Xestión) para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00024043N.

Dación de conta da sentenza recaída no recurso de apelación 4053/2023 TSXG.

Dase conta da sentenza nº 229/2023. AP 4053/2023 TSX , PO 046/2020 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por non execución do polígono SUNP38 de Formarís. Contía: 36.567,08 euros.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, recorrible en casación.

A reclamación tiña o mesmo obxecto e fundamento que as resoltas polos Xulgados 1 e 2 de Santiago, en relación coa paralización do SUNP-38 Formarís: dano emerxente, polas cotas de urbanización pagadas, sen resultados; lucro cesante, pola falta de dispoñibilidade dos terreos aínda non urbanizados; e o IBI satisfeito como urbano, cando as parcelas seguen sendo rústicas.

A Sala estima parcialmente o recurso de apelación, na mesma liña ca exposta na AP 4055/2022, que tiña como recorrente a PROCESOS EDIFICATORIOS SL, reiterada nas AP 4284/2022, 4286/2022 e 4358/2022: rexeita todas as pretensións das apelantes, agás no referido á reclamación do IBI. Pero tendo en conta a procedencia do tributo como rústico, resolve que o

importe a devolver (a diferenza entre o urbano recadado e o rústico por liquidar) sexa fixado en execución de sentenza.

Acórsase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Dar traslado ao Servizo de Planeamento para o seu coñecemento.
3. Non interpoñer recurso de casación contra a mesma

24. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00025099X.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 19 de maio a 1 de xuño de 2023.

URXENCIAS

25. DEPORTES. Referencia: 2023/00014512A

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Atletismo para o ano 2023.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 25.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890015, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 9 de marzo de 2023.
3. Aprobar o pago anticipado da contía da subvención asociada á actividade do Campionato Galego Absoluto de Atletismo ao Aire Libre, por un importe de 10.000 € (o que supón un 40% sobre o total), sempre e cando se cumpra o establecido na cláusula 16ª do convenio.

26. DEPORTES. Referencia: 2023/00014521N

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Motoclub Móvete na Moto para o ano 2023.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co MOTOCLUB MÓVETE NA MOTO.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 20.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890025, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 9 de marzo de 2023, mediante crédito extraordinario número 2023-CREXT-01.

27. DEPORTES. Referencia: 2023/00014501S

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club de Atletismo Fontes do Sar para o ano 2023.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co CLUB DE ATLETISMO FONTES DO SAR.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 12.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890006, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 9 de marzo de 2023.

28. DEPORTES. Referencia: 2023/00023114A

Aprobación das bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas ao fomento do deporte federado, ano 2023.

Apróbanse as bases reguladoras da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas ao fomento do deporte federado, ano 2023, para a que se establece unha consignación económica por valor de 308.000 euros, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890100/2023.

29. XESTIÓN DE PERSOAL. 2023/00012364V

Validar as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento de F.J. B. P., como inspector da Policía Local

Valídanse as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución do nomeamento de F.J. B. P. como inspector da Policía Local do Concello de Santiago de Compostela, praza encadrada na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase escala oficial, categoría policía, subgrupo A2, co carácter de funcionario de carreira.

30. SERVIZOS SOCIAIS. 2022/00036875Z

Convalidación do recoñecemento de obrigas e aprobación de xustificacións das bolsas de comedor escolar e realización de actividades extraescolares dos meses de marzo e abril do 2023, do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023 e do seu pagamento

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas e aprobación de xustificacións das bolsas de comedor escolar e realización de actividades extraescolares do mes de marzo e abril do 2023, do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023 e do seu pagamento, que irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 480010100/2023